

HOMOLOGACIÓN SALARIAL: A CONSELLERÍA DESPREZA Ó PROFESORADO GALEGO (2 e 3)

*A FeSP-UGT quere denunciar publicamente a nula capacidade e vontade negociadora da Administración. A oferta que a Administración fixo no día de hoxe non podemos máis que calificala como mínimo de insuficiente, que menospreza ó profesorado e que non acada o obxectivo da **homologación salarial do profesorado de Galicia. Un profesorado que leva máis de dez anos esperando por un aumento retributivo.***

A proposta de incremento de 50 euros a tres anos non a podemos aceptar coma unha proposta e punto de partida dunha negociación real e cunha auténtica vontade de chegar a un ACORDO.

A modo de resumo da Mesa Sectorial de hoxe que se celebrou en xornada de mañá e de tarde, só houbo dous movementos dos que nós fomos testemuña e que a continuación imos expoñer.

Por unha banda a proposta feita pola Administración que contempla un aumento de **50€/mes** repartido en tres anualidades (15 euros no 2019, 15 euros no 2020 e 20 euros no 2021).

Por outra banda a entrada na negociación da CIG cunha insinuación de feitos dende o noso punto de vista sorprendentes (é evidente que as novas persoas e os novos responsables tamén traen novas formas e novos modos. Iso si, en todo caso sorprendentes) e en segundo lugar coa afirmación da *“necesidade de incorporar un **compromiso por escrito** de calendario de negociación de mellora das condicións do traballo docente, un fondo de compensación que permita recuperar as pagas extras recortadas entre 2013 e 2016 e unha suba salarial que non sexa inferior aos **150 euros** pactados por todos os sindicatos e a administración no último acordo de 2006”*. É dicir, a CIG baixa a súa pretensión económica inicial de **200 euros a 150** fronte a mísera proposta da Administración de **50 euros**. E curiosamente, tamén rebaixa da pretensión inicial de incluír na negociación determinados aspectos a agora quedarmos con **incorporar un compromiso por escrito**.

A Posición da **FeSP-UGT** neste senso é meridianamente clara e non quere levar a ninguén a engano:

1. Demandamos que a Administración faga unha proposta seria que poida servir como punto de partida dunha negociación con vontade de chegar a un ACORDO.
2. Dende a **FeSP-UGT** entendemos e así o reafirmamos hoxe, que a homologación salarial pasa, segundo os nosos estudos por unha subida de **130 euros mensuais e lineais para todo o**

profesorado. Cremos que é unha cantidade rigorosa e contrastada. Poderíamos facer xogos coas táboas: meter os complementos de insularidade, os complementos de Residencia de Ceuta e Melilla (por separado e contabilizando dúas veces, por un lado a Ceuta e por un lado a Melilla...) ou incluso o profesorado que está no exterior e cobra unha indemnización por estar no estranxeiro. Somos unha Organización seria e non o imos facer. Dende a **FeSP-UGT** só imos contabilizar o que se nos paga ós docentes polo traballo desenvolvido. Imos a comparar algo **obxectivo e medible. Todos** os docentes os sabemos e o temos claro: para cobrar un complemento de insularidade un docente ten que estar nunha illa (Balears e Canarias) e vivir cos inconvenientes de residir nunha illa. Para cobrar coma docente de Melilla pois evidentemente hai que vivir en Melilla e para cobrar coma un docente destinado en Colombia ou Marrocos pois hai que ir a Colombia ou Marrocos. Estamos a falar de salarios por función docente. O resto é **meter ruído e fume na negociación.**

3. Para a **FeSP-UGT** a **temporalización** do acordo tamén é algo importante. Partimos da necesidade aplicar o incremento retributivo o antes posible, comezando o ano 18 e rematando o ano 19. Consideramos inaceptable establecer como data final da aplicación do acordo o ano 2021.
4. Para a **FeSP-UGT** tampouco nos serve o artigo que indica que *a Administración, se apreciase unha modificación apreciable da posición relativa acadada co acordo procedería a revisar....* O anterior acordo establecía por escrito precisamente iso e a administración tívonos nesta posición durante **dez anos**. Por iso nos estraña que haxa organizacións sindicais que neste momento lle serven compromisos por escritos cando todos somos conscientes (e decimos TODOS non por arrogarnos a representación de todo o profesorado –como fan outros- senón porque estamos seguros de que todos somos conscientes ata onde nos podemos fiar con esta Administración).
5. A **FeSP-UGT** non quere condicionar este acordo de homologación á **RESTITUCIÓN OBRIGADA DE DEREITOS SUBTRAÍDOS POR PARTE DESTA ADMINISTRACIÓN**. Para nós non son obxecto de negociación, nin de temporalización. Son de aplicación directa e restitución, e punto. Son dereitos dos máis de 30000 docentes de Galicia e non só dos que di o sindicato maioritario que o apoian (12000 sinaturas).

Como pola mañá a reunión non deu para máis, quedamos emprazados para a tarde ás 16:30 horas.

Á tarde, a negociación arranca co silencio do sindicato maioritario. Non ten proposta que facer, nin nada que engadir. O resto das organizacións sindicais ratificámonos na posición inicial, nomeadamente CCOO, ANPE E **FeSP-UGT** (que nos mantemos firmes dende un principio). A **FeSP-UGT** considera que ata o momento non hai unha proposta seria por parte da Administración para poder entrar a valorar.

Quedamos convocados para o próximo martes día 29 de maio a unha nova xuntanza.

Dende a **FeSP-UGT** QUEREMOS FACER **DÚAS INVITACIÓNS Á REFLEXIÓN**, sendo conscientes xa dende un principio de que igual non son ben recibidas:

1. Por un lado, á Administración, para que na xuntanza do próximo martes faga unha proposta seria e real coa que poder empezar a negociar un ACORDO QUE CREMOS É DE XUSTIZA.

2. Por outro lado, apelar á **responsabilidade** do sindicato que lle gusta denominarse **maioritario**, para que faga un esforzo e á baixada de **50 euros que fixo no día de hoxe** a cambio de **nada** (ante a proposta irrisoria da administración) lle engada unha nova de 20 euros e así poder arrancar unha negociación cunha posición de maior forza e unanimidade dende o terreo sindical.

Namentres, e sen ser organización maioritaria, seguiremos a negociar para TODO O PROFESORADO.

Sindicato Nacional de Ensino Público

**AGORA NÓS.
RECUPERACIÓN DE SALARIOS E DEREITOS**